

ANXO DE VINGANZA

[Abel Ferrara, 1981]

410

PASES EN NUMAX: 16, 25 e 31 de xullo | V.O.S.E.

Ms .45 (1981, 80')

Dirección: Abel Ferrara

Guión: Nicholas St. John

Elenco: Zoë Lund, Albert Sinkys, Darlene Stuto, Helen McGara, Nike Zachmanoglou, Peter Yellen, Abel Ferrara, Editta Sherman

Son: John Paul McIntyre

Montaxe: Christopher Andrews

Dirección de arte: Ruben Masters

Fotografía: James Lemmo

Música: Joe Delia

Produtoras: Navaron Films (Estads Unidos)

Distribuidora: Classic Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Pasolini, 2014

The Blackout (Oculto en la memoria), 1997

El funeral, 1996

The Addiction, 1995

Teniente corrupto, 1992

El rey de Nueva York, 1990

Killer (El asesino del taladro), 1979

PREMIOS E FESTIVAIS

Academy of Science Fiction, Fantasy &

Horror Films (Nomeado a mellor filme de baixo orzamento)

SINOPSE

Thana, unha moza xordomuda que foi violada dúas veces no mesmo día, consegue matar o seu segundo agresor e, apoderándose do seu revólver, convértese nunha especie de vingadora feminista, dedicada a liquidar chulos, violadores, traficantes e misóxinos en xeral.

«Brutal e imprescindible exercicio: a vinganza pode facer ferver a sangue até estoupar»

Cristina Ejarque, CINE MALDITO



ANXO DE VINGANZA

[Abel Ferrara, 1981]

★
EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

“Que os meus filmes volvan ás salas é algo fermoso”

Entrevista con Abel Ferrara

Por Luke Goodsell

Sabemos que non che gusta falar dos teus filmes antigos pero a ver se nos podes contar algo de *Anxo de vinganza* tres décadas máis tarde? *Anxo de vinganza* é un deses filmes de cando aínda eramos críos. Tentabamos facernos un oco no mundo pero eramos moi inocentes. Coido que é o primeiro filme no que pensei: «Meu Deus, este proxecto vai dar diñeiro, a xente vai pagar a súa entrada para velo así que vai ser boa cousa concentrarse e facelo ben», sabes por onde vou? O filme é Zoë Lund [protagonista de *Anxo de vinganza*, finada en 1997] e o fermoso do cinema é que captura un intre de tempo. Nese caso captura a imaxe dela cando era unha estudante de 17 anos en Columbia. Era unha fermosa rapaza con toda a vida por diante.

Non che sorprende que estes filmes de inicio continúen a ter vida? O mesmo sucede con *Killer (El asesino del taladro)* (1979)... Se te dedicas ao que eu fago é como se fabricas combustíbel, entendes o que che digo? Deixas aí o teu material coa esperanza de que dure. Falo para que o vexa a xente hoxe, mañá, ou dentro de 400 anos. Que os meus filmes volvan ás salas é algo fermoso. Lembro cando vivía en Brooklyn e vin en primeira persoa o inicio de moitas destas salas. O cinema é un esforzo colectivo,

unha vivencia comunal, cómpre ollar no interior dos ollos dos intérpretes, entendes? Os ollos son a fiestra de entrada á alma e é complexo chegar a ela cando te atopas no metro mirando o iPhone.

***Anxo de vinganza* semella un filme cru, especialmente vista hoxe, cando os filmes de culto téñense convertido en algo *mainstream*, con autores como Quentin Tarantino. Cres que Tarantino fixo iso el soño? [Risas]**

Para nada. El popularizouno. Se ollas filmes como *Kill Bill* (2003) ou *Death Proof* (2007) son como unha caste de cómic de vinganzas femininas. Cres que esta case de subxénero foi asimilado polo cinema máis *mainstream*? É un comentario interesante. *Anxo de vinganza* comparte elementos co seu tempo desde logo, mais é todo paixón. Se medras vendo filmes como *La batalla de Argelia* (Gillo Pontecorvo, 1966), *Saló, o los 120 días de Sodoma* (Pier Paolo Pasolini, 1975) ou as películas de Sam Fuller desenvolves unha gran paixón por certo tipo de filmes. E iso non vai desaparecer. Pero non sei por onde ía a pregunta sobre Quentin...

Non citaba a Quentin por nada en participar, non quería suxerir unha confrontación entre el e ti. [Risas] Non, Quentin é o meu colega, nunca vou rifar con el.

Gústame o seu traballo e nel hai elementos crus, vinganzas e todo isto, pero cando ves *Anxo de vinganza* pensas que hai material real, que

estamos ante unha fiestra aberta a un tempo determinado. Si, entendo. Pero segue a ser unha película, sabes? Ninguén violou a esta moza, ela ía á Universidade de Columbia. É un filme. Como cineasta era o estilo que tiña naquela época. E Quentin é Quentin, e está ben así.

Hai certa tendencia a revisar *Anxo de vinganza* como un filme de empoderamento feminista, mais ti non concordas exactamente con esa visión, non si? Eu madurei coñecendo o movemento feminista e estaba aí durante todo o proceso. E o feminismo tiña connotacións diferentes para min. Todo o movemento de liberación da muller era algo moi real e as mozas coas que estaba implicábanse no proceso. Zoë era dez ou doce anos máis nova ca min e era a maior das feministas, seguro que viu o filme dun xeito diferente. Ela podería falar día e noite sobre o feminismo deste filme. Finalmente trátase dun filme dirixido e escrito por un home e interpretado por unha muller. O lado feminista está presente e encarnado por Zoë no filme.

Como deches con Zoë e cando decidiches que sería a actriz protagonista? (...) Axiña vimos que tiña algo especial. Daquela tiña 17 anos e era unha moza impresionante cun gran talento. Máis tarde escribiu o guión de *Teniente corrupto* (Abel Ferrara, 1992) e actuou en moitas das escenas do filme. Estabamos ante un talento real e non fai falla traballar na Metro Goldwyn Mayer para decatarse.

Publicado en rottentomatoes.com
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Abel Ferrara: *le mal mais sans fleurs*
Cahiers du Cinéma, 2008

**Abel Ferrara. *Tormento y éxtasis*,
Rubén Higuera. Shangrila, 2017**

Abel Ferrara. *Not Guilty*. Intermedio [DVD]

Pasolini, Abel Ferrara. *La Aventura* [DVD]

El funeral, Abel Ferrara. Vértice [DVD]

**4h44 *Dernier jour sur terre*, Abel Ferrara.
Capricci [DVD]**

**Welcome to New York, Abel Ferrara
Vértigo [DVD]**

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

**Abónate
agora e ven
sempre por**

4€

**Novas tarifas
válidas a partir
do 6 de xullo**

**Faite
NUMAX!**